

EN NEGRO
CONTRA A
VIOLENC'

**No que vai de ano,
en España, foron
asasinadas 70
mulleres!
Destas,
37 foron
asasinadas polas
súas parellas ou
exparellas.**

**QUEREMOS
SER
LIBRES!!!**

Queremos vivir as
nosas vidas en
espazos despoxados
de medo e de
violencia.

HOXE E SEMPRE
**en loita
por
todas!**



EN NEGRO
CONTRA A
VIOLENC'

Sabemos...

... que hai violencias que se consideran máis graves. Violencias que, como matar, preocupan máis á sociedade e son máis perseguidas pola xustiza.

Pero tamén sabemos que son as pequenas violencias do día a día as que fan que as mulleres vivamos con medo e non desenvolvamos con liberdade a nosa personalidade. Non queremos que nos digan como vestir, como ou cando falar, cales deben ser os nosos xoguetes nin ou guapas ou feas que estamos. Queremos que nos deixen ser nós mesmas.



EN NEGRO
CONTRA A
VIOLENCIA

Creemos...

... que a loita feminista non debe ser só cousa de mulleres. Consideramos que os homes deben compartir esta loita e ser parte activa da solución a todas as violencias que actualmente sofren as mulleres.

Creemos que deben identificarse e deixarse atrás as masculinidades tóxicas que, froito dunha educación machista, tanto dano lle fan á nosa sociedade.

Os avances cara a igualdade necesitan da implicación de homes e mulleres.



Pensamos...

... que non debemos esquecer nunca a todas as mulleres asasinadas por unha violencia de xénero que se repite cada día.

Tamén pensamos que non podemos esquecer nunca o mal que o tiveron que pasar nas súas vidas a grande maioría desas mulleres. Causanos moita dor pensar no que é marchar deste mundo cun feixe de lembranzas tenebrosas.

Merecen o noso recordo esas mulleres que loitaron por seguir vivas sofrendo cada día, física e psicolóxicamente.

**Estes textos teñen a súa orixe en reflexións realizadas nas aulas por alumnas de 1º de Bacharelato do curso 2021-2022.*